



MEMORIA AMBIENTAL

ANTECEDENTES	2
RESUMO DO PLAN	4
ANÁLISE DE CONDICIONANTES PREVIOS NO ÁMBITO DE INFLUENZA	6
OBXECTIVOS	8
ANÁLISE DE ALTERNATIVAS	9
PLAN DE SEGUIMENTO	16
VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA, INCLUÍNDO AS MEDIDAS E O PLAN DE SEGUIMENTO	17
PARTICIPACIÓN PÚBLICA	18
RESULTADOS DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA E DAS CONSULTAS E INTEGRACIÓN DOS SEUS RESULTADOS NO PLANEAMENTO	19
ANEXO I. RESULTADO DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS	20



MEMORIA AMBIENTAL

ANTECEDENTES

O soporte legal da acción urbanística actualmente na Estrada é o Decreto 207/2006, do 16 de novembro, polo que se suspende a vixencia das Normas Subsidiarias de planeamento municipal e se aproba a ordenación urbanística provisional aplicable ata a entrada en vigor do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

As Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento (en adiante NSP), actualmente derogadas, foron redactadas por D. Juan Rico Lenza e aprobadas o 11 de outubro de 1978. Desenvolvían estas os preceptos urbanísticos emanados da Lei sobre réxime de solo e ordenación urbana de 9 de abril de 1976 (en adiante LS 1976).

Desde a aprobación das anteriores NSP houbo un intento de modificación da figura de planeamento municipal que dese resposta aos cambios acontecidos na estrutura lexislativa xeral e na propia dinámica socioeconómica e territorial.

Así no 1990 adxudícaselle á empresa ARTEPLAN a responsabilidade de redactar un Plan Xeral de Ordenación Urbana que permitise encadrar as novas situacións. Non obstante este documento non será aprobado de modo definitivo, xa que a dilación da súa relación levou a que non fose capaz de adaptarse aos cambios lexislativos e territoriais coa oportunidade necesaria.

No ano 2.002 adxudicase a empresa ADIU, S.L. a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal cos seguintes pasos:

Este Plan Xeral de Ordenación Municipal dá Estrada foi obxecto de APROBACIÓN INICIAL polo Concello dá Estrada, o día 16 de Agosto do 2004, e sometido a INFORMACIÓN PÚBLICA segundo anuncios publicados no D.O.G. de 8 de Setembro do 2004 e en dous diarios de ampla difusión (Voz de Galicia e Faro de Vigo), e sometido a información pública. Posteriormente acordouse -acordo municipal de 2 de Xuño do 2005- sometelo novamente a información pública.

A aprobación PROVISIONAL do PGOM tivo lugar polo Pleno do Concello dá Estrada en data 30 de Xaneiro do 2006, e remitido á Consellería de Política Territorial para a súa aprobación definitiva, co resultado antes indicado.



En data 5 de Maio do 2006 dítese a ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIA DE OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, pola que resolve, de acordo co punto 5.b) do artigo 85 da Lei 9/2002 de 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, NON OUTORGAR A APROBACIÓN DEFINITIVA do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DÁ ESTRADA. O Concello deberá introducir no proxecto as modificacións previstas para subsanar as deficiencias expresadas no apartado II.1 anterior, para logo de aprobadas e tralos trámites oportunos, remitir novamente o plan para a súa aprobación definitiva.

Considerase polo Concello que as deficiencias a subsanar constatadas no documento de Aprobación Provisional non son susceptibles de enmenda sen unha nova exposición ó público debido a que a incidencia da nova proposta sobre a clasificación do solo e de gran relevancia, polo que se convoca un novo concurso para levar a cabo a nova tramitación, que se deriva no presente documento de corrección e adaptación do documento anteriormente descrito.

O concello da Estrada, como órgano promotor, comunicou o 30 de novembro do 2006 o inicio da tramitación do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM, ou simplemente plan) á antiga Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (CMADS), acompañando dita comunicación dun documento de inicio, en virtude do establecido no artigo 7.2 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

A antiga Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, na súa condición de órgano ambiental, comunicou o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica ao promotor con data de 8 de marzo de 2007.

O documento de inicio foi sometido a consultas do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) e do público en xeral, dende o día 8 de marzo ata o 9 de abril de 2007, a través da dirección web <http://aae.medioambiente.xunta.es>.

Tomando como base o documento de inicio e o resultado das devanditas consultas, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible elaborou o documento de referencia (DR) previsto polo artigo 9 da Lei 9/2006, remitíndoo ao concello promotor o 4 de maio de 2007.

O concello da Estrada iniciou o período efectivo de participación pública e consultas, entre as datas do 21-10-2009 ata 16-12-2009, no BOP de Pontevedra número e nos periódicos Faro de Vigo e La Voz de Galicia (20/10/2009).



RESUMO DO PLAN

O Concello da Estrada está situado no norte da provincia de Pontevedra. Pola súa superficie, de 280,8 km², esténdense o curso fluvial medio dos Ríos Ulla e Umia. Sendo o primeiro deles o que marca a fronteira natural coa veciña provincia da Coruña ó Norte do Concello.

As principais características do marco físico-natural da Estrada pódense resumir nas seguintes:

- Localización do termo municipal nunha área de transición morfoclimática entre o espazo litoral e o interior de Galicia.
- Contrastes internos entre o norte do municipio, correspondente ó val do Ulla e afluentes directos, e a zona sur de carácter máis montañoso en contacto coas serras da Dorsal Meridiana, e pertencente á conca do Umia e do Lérez.
- Presión por parte das diferentes actividades humanas, sobre todo na zona norte, que implica unha transformación do marco natural e a aparición de diferentes riscos ambientais.

O concello da Estrada, a partir do Decreto 207/2006, do 16 de novembro, suspendeu a vixencia das Normas Subsidiarias de planeamento municipal e se aproba a ordenación urbanística e se aproba a ordenación urbanística aplicable ata a entrada en vigor do novo Plan Xeral de ordenación Municipal.

Así, a proposta actual conta cos obxectivos de ordenación específicos:

Deseño da estrutura urbana de calidade, pechando e compactando a vila como sinal de identidade da mesma e, por extensión do concello. O Plan Xeral propondrá, tendo en conta a morfoloxía actual do Concello así como a súa situación xeográfica e socioeconómica, como factores territoriais e sociais fundamentais, un modelo de Ordenación Urbana cos principios fundamentais que seguen:

- Creación dun viario de circunvalación a modo de **ronda verde** con dous claros fins:
 1. Conexión da zona Noroeste do núcleo urbano onde se sitúa o conxunto dotacional principal ocio -deportivo e de zonas verdes do concello (Avenida da Cultura) ca zona Sueste, onde se entronca coa Rúa de Matadoiro, como gran avenida arborada e carril-bici, a modo de viario sostible, enlazando os parques públicos de nova creación que se desenvolven no seu perímetro e os articula como base de deseño dos mesmos.
 2. Conformer o peche da malla urbana en toda a área Oeste de Norte a Sur empregándose como apoio dos solos urbanizables que fan a graduación e a posible transformación do borde do solo urbano consolidado.
- Creación dun viario de circunvalación norte como alternativa a estrada N-640 que de saída os novos solos de desenvolvemento evitando a súa entrada o



centro da vila e no que se apoia unha área de Espazos libres e zonas verdes que evite a focalización das novas áreas de espallamento nun único punto (o nordeste do solo urbano a carón das áreas dotacionais).

- Resolución do crecemento do núcleo urbano con solos urbanos non consolidados e solos urbanizables que degradan a malla urbana de solo urbano consolidado ata atoparse co solo rústico ou no seu caso de núcleo rural, dando solución os viarios xa urbanizados polo concello pero que non conforman malla urbana pero que precisan dun remate lóxico nos seus extremos.
- Deseño á medida de cada área, apoiándonos nos solos urbanos consolidados de parcelas que cerran os viarios referidos e nos solos urbanos non consolidados que determina a malla urbana interior, e nos solos urbanizables delimitados ou non delimitados que producen a transformación ata adecuarse de solo urbano a solo rústico.

Concentración do solo industrial de maneira que se reduza os potenciais impactos asociados, se fomenten sinerxias e se enriqueza este tecido socioeconómico.

Consolidación e mellora dos Solos de Núcleo Rural fomentando un desenvolvemento compacto dos núcleos rurais fronte a dispersión que se viña acentuando nos últimos anos, como alternativa racional a un menor custo para levar a cabo as melloras e dotacións que precisan e posibilitar un nivel de equipamento óptimo para o conxunto da poboación.

Estructuración dunha gran área de **Espazos libres e zonas verdes adscritos ós sistemas xerais de dominio e uso público** vinculada directamente á ronda verde que percorre o peche do núcleo urbano, que ten por obxecto conformar unha grande área de espallamento que acompañe o importantísimo núcleo dotacional existente que carece dunha zona programada que o apoie, conformando unha unidade de núcleo dotacional cultural e de recreo.

Consolidación e mellora da rede de infraestruturas básicas a través dunha planificación das redes xerais de servizos como unha unidade para todo o concello, estudando a súa instalación por viarios de nova creación e a continuidade por solos urbanizables que completen estas redes.

Valoración e potenciación do medio rural, dos recursos naturais e do patrimonio cultural como forma de manter a calidade nos medios rural e natural.



ANALISE DE CONDICIONANTES PREVIOS NO ÁMBITO DE INFLUENZA

Desde a década de 1970 tense experimentado un proceso de transformación que afecta tanto ao casco urbano da Estrada como ao rural. A pequena cidade experimenta un proceso intenso de crecemento co desenvolvemento de novas funcións no eido empresarial e de servizos. Medra en poboación e en capacidade de atracción no entorno, atraendo cara si numerosos desprazamentos de poboación. Os núcleos rurais tenden a perder poboación, máis a incrementar a súa capacidade produtiva e volume edificado con novas vivendas e construcións anexas á actividade primaria, producíndose tamén de xeito parello un cambio dos modelos de rendibilidade agraria e dos usos do solo.

Nas últimas décadas teñen xurdido con forza no eido social novas preocupacións que marcarán as accións administrativas. A crecente consciencia medioambiental, e o fomento dos modelos de desenvolvemento sostible xorden como reacción a un crecente consumo de recursos naturais e de degradación do entorno ambiental.

Valores como a conservación do patrimonio etnográfico, cultural, paisaxístico, artístico e arqueolóxico toman cada vez máis forza e convértense en recursos a potenciar e valorizar dentro das actuais estratexias de planeamento dos espazos rurais.

A construción, ou mellora significativa, dos eixes comunicativos e dos sistemas xerais do municipio levan implícita a definición dun novo modelo territorial para o municipio que, debido ás transformacións experimentadas, é necesariamente moi diferente do marcado nas NSP de 1978.

O plan realizou un estudo da situación actual do concello no tocante aos medios abiótico e biótico, así como a evolución demográfica e a situación socioeconómica. Do mesmo xeito analizaranse os usos actuais do solo e as súas potencialidades e limitacións, individualizándose unha serie de formacións onde se pode apreciar os valores ambientais máis sobresaíntes no concello, normalmente atópanse no seu medio fluvial. O PXOM destacou unha serie de espazos a protexer como son:

- **Sistema Fluvial Ulla-Deza** (Red Natura 2000 e ZEPVN)
- **Brañas de Xestoso (Lagoa Sacra de Olives)** (Red Natura 2000 e ZEPVN Normas Subsidiarias e Complementarias do Planeamento)
- **Bico de Curantes (Fervenza de Callobre)** (Normas Subsidiarias e Complementarias do Planeamento como Bico de Curantes)
- Bosque Mixto Frondoso de Santeles
- Carballo de “Azoreiros”
- Zona de Bumio-Couso



- Foz de Gundián
- Barranco de Pina
- Carballeira Insular de Arnois
- Carballeira de Olives
- Carballeira de Golfariz
- Zona de Monte aberto de Pardemarín e Vinseiro
- Zona da Grela
- Carballeira de Cortegada
- Piornedo de Enviande
- Carballeira e Soutos de Nigoi
- Ribeira Fluvial do Umia
- Somoza e Zonas limítrofes

Ademais se analizaron o modelo de asentamento poboacional, a distribución de servizos e equipamentos, así como os elementos de maior risco ambiental. Tralo diagnose se atoparon deficiencias co abastecemento, saneamento así como equipamentos, espazos libres e zonas verdes.



OBXECTIVOS

Plantéxanse pois os seguintes obxectivos e criterios de carácter xeral:

- a) Atendendo ó resultado do estudio socio económico, propónse un crecemento proporcional ó mesmo, estruturándose o solo urbano e os núcleos rurais tradicionais de acordo ó mesmo.
- b) Reestruturación do solo urbano cos novos criterios e ó mesmo tempo dotando a este dun deseño de modelo que lle dea unha solución a este novo modelo urbano.
- c) Consideración da importancia do medio rural.
 - Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
 - Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
 - Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.
- d) Conservación ambiental
 - Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados (acuíferos, cursos fluviais, masas forestais, etc.).
 - Conservar e recuperar o patrimonio cultural.
 - Conseguir para uso público, áreas de interese que pasen a constituír o sistema xeral de espazos libres do termo municipal.
 - Recoñecer e potenciar aquelas áreas con alto valor ecolóxico, incluídas ou non en inventarios de espazos naturais.
 - Ordenar as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de produtos vinculados ó sector primario.



ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

As alternativas que se traballan a continuación, son a alternativa 0, que supón a non realización do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal e a alternativa de consenso, que é o resultado do traballo en equipo, proceso que se explica previamente á comparativa de alternativas.

A metodoloxía a seguir para avaliar as alternativas da proposta de PXOM para A Estrada, parten das actuacións previstas en relación cos obxectivos marcados, tendo como base as Normas Transitorias actualmente vixentes, ademais das pautas establecidas na Orde de 5 de maio de 2006 sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada (Pontevedra), sempre dende a óptica da sostibilidade emanada do alcance de contidos para cada unha das variables que integran o Documento de Referencia.

Con ese punto de partida, a partir dunha proposta inicial de traballo (**alternativa 1**), sobre a que se fixeron sucesivas modificacións e cambios, coa incorporación de criterios ambientais, urbanísticos e de viabilidade económica e social, co meirande grao de equilibrio e consenso posible, para cada variable.

Así, tivéronse en conta, de maneira racional e partindo dos condicionantes da realidade do concello, as variables ambientais emanadas do Documento de Referencia, e integráronse, na medida das posibilidades, dentro do planeamento, tentando dotar de coherencia todo o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, e utilizando estes criterios como mellora substancial da proposta.

Desta maneira, preséntase, despois da labor realizada nas diferentes sesións de traballo en equipo, a **alternativa 0**, que responde ás Normas Transitorias actualmente Vixentes, a **alternativa 1** en base a primeira proposta de traballo e a **Alternativa 2** ou de consenso á que se chegou para esta proposta de PXOM.



ANALISE DOS EFECTOS DA ALTERNATIVA SELECCIONADA SOBRE AS VARIABLES DE SUSTENTIBILIDADE E O DESEÑO DE MEDIDAS

En xeral considéranse que os efectos sobre o medio detectados, seguen a liña do establecido nos criterios de sostibilidade para cada unha das variables definidas no documento de referencia, sen menosprezo das consideracións globais feitas anteriormente ou doutras que poidan figurar na seguinte análise por variables:

CONSUMO DE SOLO

O Plan mediante o Estudo Socioeconómico (ESE) e as distintas conversas que se tiveron cos propietarios, permitiron detectar as necesidades da poboación e desenvolver unha estratexica de clasificación do territorio acorde cos criterios de sostenibilidade. No Estudo de Medio Rural (EMR) un apartado no que se contemplan, os riscos asociados ós valores naturais e os posibles efectos das actuacións en zonas máis sensibles, como pode ser a delimitación das zonas industriais.

O Planeamento a partir das conclusións do EMR e do ESE e das consultas a poboación se desenvolveu unha estrutura o máis densa, compacta e complexa posible. Ademais incrementa considerablemente os ámbitos de interese natural, permitindo mellorar a súa protección.

A partir das análises (EMR e ESE) do plan e despois das alegacións e dos informes sectoriais a distribución do solo do concello da Estrada quedou clasificando segundo as características do territorio os obxectivos do plan e das demandas da poboación. O 93,72 % do solo do concello esta clasificado como solo rústico, máis do 15% de solo rústico pertence a Protección de Espacios Naturais, arredor do 11% destinado a protección de augas e a protección paisaxística e de patrimonio non chega ao 1%. A importancia do agro e da industria forestal reverte en máis do 25% de solo rústico de protección Agropecuaria e aproximadamente nun 41% de solo rústico de protección forestal. Con esta clasificación quedan salvagardados os espazos de interese cultural e natural así como se favorece o actual desenvolvemento agrario e forestal.

A importancia do núcleo urbano da Estrada e dos solos industriais é mínima en relación á ocupación do solo xa que apenas supera o 1% tendo en conta o total de solo urbano e urbanizable. Mentres que a gran dispersión poboacional (Estrada é un dos concello de Galicia con máis núcleos rurais) observase na ocupación de solo, xa que ocupan máis do triplo de solo co núcleo urbano.

CICLO HÍDRICO

Respecto á variable ciclo hídrico, considérase que, en termos xerais, o plan integra os criterios de sostibilidade derivados do Documento de Referencia. Dentro dos factores clave destaca o establecemento dunha franxa de solo rústico de protección de augas para os canles fluviais e humidaís en función das súas características. Ademais o plan establece unha serie de medidas de recomendación de aforro e eficiencia dos recursos hídricos para o rego e bo funcionamento das



zonas públicas, que irán asociados a tódolos urbanizables que aparecen neste planeamento, así como medidas de control que eviten as condicións físico químicas das augas.

A partir das participación pública en consonancia cas alegacións na que se establecen recomendacións que permitirán preservar o humidal de Lagartóns e os canles fluviais próximos a Cidade do Moble.

Como resposta do informe sectorial de Augas de Galicia, se plasmou na memoria xustificativa que os solos industriais deberán garantir o tratamento das augas residuais polos seus propios medios e a conveniencia de establecer a posible conexión posterior á rede municipal con elementos físicos onde se poida comprobar os parámetros do efluente. A rede fluvial se clasificou en tres categorías de protección, os canles principais 100 m., secundarios 50 m. e o resto de tributarios 25 m. Mentres se estableceu como zonas de policía de tódolos cursos fluviais as áreas a 100 m. dos mesmos. Ademais se aclara no artigo 177.2 da Normativa Urbanística as diferenzas entre zona de protección e liña de edificación e que os usos nas zonas de servidume xa sexan con licenza municipal ou con autorización autonómica son regulados no artigo 7.3 de Regulamento do dominio público hidráulico e introdúcese na Normativa Urbanística a redacción do artigo 9 do Regulamento do dominio público hidráulico.

ENERXÍA

O plan contempla varias medidas orientadas para fomentar o aforro enerxético e para reducir a dependencia de recursos enerxéticos non renovables que se derivan do documento de referencia DR.

Dentro da normativa incorpóranse medidas derivadas do Código Técnico de Edificación e das Normas Hábitat, así como recomendacións para unha iluminación máis eficiente. Ademais a ordenación ten como obxectivo a diminución do tráfico rodado fomentando estruturas urbanas compactas e complexas, dando como resultado un menor gasto de combustibles fósiles.

EMISIÓNES CONTAMINANTES

Respecto a esta variable, a alternativa escollida favorece a humanización da vila, así como o desenvolvemento dunha vía verde, con carril-bici, estas propostas reducirá o uso de vehículos motorizados favorecendo a redución de emisións. Neste liña a alternativa de consenso redelimita aqueles solos de uso industrial que poderían ocasionar un risco potencial de contaminación, fundamentalmente hídrica.

No caso da Cidade do Moble debido as condicións atmosféricas locais (procesos de inversión atmosférica) e a partir do proceso de participación pública se insta ao promotor que leve un control das emisións e estableza medidas de corrección adaptadas a problemática de Lagartóns.



XESTIÓN DE RESIDUOS

Respecto á xestión dos residuos, o planeamento indica que o concello conta con recollida selectiva de residuos sólidos urbanos (RSU) na totalidade do termo municipal e presenta un punto limpo de recollida selectiva de residuos localizado nos arredores do núcleo urbano. O xestión de residuos do concello está integrada no sistema de xestión de SOGAMA.

Por outra banda as fichas de ordenamento da alternativa de consenso conta cunha medida que regula a necesidade de instalación de puntos verdes de recollida selectiva de residuos para os polígonos industriais que, por outra banda, teñen a obriga da xestión dos seus propios residuos, a lo menos daqueles que non sexan asimilables cos RSU.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS

O Estudo Socioeconómico (ESE) realizouse de maneira parella a elaboración do planeamento, no que se describen os horizontes demográficos a acadar en relación co desenvolvemento socioeconómico do concello, que reforza as súas potencialidades endóxeas e busca unha serie de vías de fomento do emprego e de estabilización demográfica para o concello. Este estudo é concluínte para a alternativa de consenso. Con esta finalidade a clasificación de solo se fai en relación o ESE e o EMR permitindo un desenvolvemento endóxico e sustentable.

Ademais existen estudos de viabilidade a nivel supramunicipal, sobre todo relacionados coa industria da madeira e do moble, no que se contempla a realidade da Estrada e de toda a comarca de Tabeirós - Terra de Montes, así como as necesidades empresariais futuras en relación co desenvolvemento propio e dos ámbitos e concellos que máis inflúen sobre ela, como é o Estudo de Necesidades empresariais de Galicia do IGVS.

INTEGRACIÓN SOCIAL

O plan contempla o mínimo obrigatorio esixido pola lexislación actual vixente en materia de vivenda protexida.

No ESE tívose en conta a estrutura demográfica na alternativa de consenso. Neste estudo se establecen medidas de desenvolvemento económico específicas para a Estrada, de maneira que se potencie o seu desenvolvemento endóxico, directamente relacionado coa súa estrutura demográfica baseada no rural, na explotación da madeira, nas industrias da pedra e do moble, na sociedade do coñecemento, etc.

O plan establece unha morfoloxía urbana compacta e complexa establecendo as zonas verdes e espazos libres que favorezan unha habitabilidade saudable. A creación dun entorno saudable cubrise co cumprimento da lexislación sectorial.



MEDIO NATURAL

A partir do Estudo Medio Rural se establecen 18 Áreas de interese ambiental (AIA) que se clasificou como SRPEN. Ademais se estableceron outras áreas como SRPEN que permiten a conexión ecolóxica entre as anteriores AIA's. A partir da fase de consultas públicas algunhas zonificacións se reduciron a favor de SRPAP e noutros casos se ampliou a zona de protección, sempre salvagardando os espazos incluídos dentro da Rede Natura e os Hábitats prioritarios. Nas zonas que coincidían os SRPEN e os SRPA (solo rústico de protección de augas e canles) se representará a protección de augas por ser máis restritiva. Ademais derivado do informe sectorial da Dirección Xeral de Conservación da Natureza se protexeron as Árbores senlleiras (Sobreira de Balboa, Camelia e Buxal do pazos de Oca e Sobreira do pazos de Valiñas) e parte dos Hábitats prioritarios que non estaban contempladas.

Os espazos naturais protexidos como SRPEN son os seguintes:

- Os LIC's Sistema fluvial Ulla – Deza e as Brañas de Xestoso
- Os Hábitats prioritarios
- Áreas de interese ambiental establecidas polo plan

MEDIO RURAL

No ESE se establece as potencialidades socioeconómicas do concello da Estrada e se pon en relación ca realidade territorial existente. Neste senso, moita destas variables están postas en relación co medio rural.

De xeito complementario actúa o EMR xa que fai unha análise das potencialidade existentes no medio físico do concello. Mediante o análise do ESE e o EMR o plan establece unha estratexias de ordenación para aumentar e mellorar da calidade de vida da Estrada.

A alternativa de consenso plantexa unha distribución o máis equitativa posiblemente, tendo en conta dispersión e complexidade existente no rural estradense, sendo un dos concellos galegos con máis núcleos rurais de Galicia.

Con todo, é a alternativa de consenso a máis óptima dende o punto de vista rural, xa que inclúe vías potenciais de desenvolvemento socioeconómico e análise da posible posta en valor dos seus recursos autóctonos como forma de abastecemento e buscando unha diversificación económica en prol da sostibilidade a medio prazo do Concello.



PAISAXE

O EMR fai unha análise da calidade e fragilidade paisaxística de todo o termo municipal pero só se establecen como SRPP aquelas zonas onde se poden percibir as vistas panorámicas das paisaxes máis significativas e identitarias da Estrada.

MEDIO URBANO

O núcleo da Estrada presenta unha morfoloxía irregular cunha clara ausencia de zonas verdes e de espacemento, con edificacións desproporcionadas alternadas con solares e vivendas tradicionais. A vila, na actualidade, a carencia de zonas verdes no seu centro, empobreceu a calidade xeral da súa estrutura. Trátase dunha vila que xurde ó redor do paso da Estrada N- 640 e a súa ordenación foi complexa para poder integrar do mellor xeito posible os criterios de sostibilidade e mellora da calidade de vida dos habitantes.

Con estes antecedentes un dos principais obxectivos é crear sistemas Xerais e Equipamentos na vila. Nesta liña a alternativa seleccionada establece a creación dun gran cinto verde que circunde o solo urbano consolidado, constituíndo unha gran zona verde e de espacemento ao oeste do núcleo urbano. Nos urbanizables previstos se recomenda a localización das zonas verdes para que sexan coherentes coa ordenación proposta no núcleo urbano.

O plan contempla unha programación onde se especifican os escenarios dos futuros desenvolvementos da vila así como unha serie de medidas encamiñadas a mellorar a calidade de vida no medio urbano.

PATRIMONIO

O plan cataloga uns 269 elementos arquitectónicos e 194 elementos arqueolóxicos para a súa protección e preservación.

POBOACIÓN

Mediante o ESE no que se analizan as potencialidades da Estrada, así como a estrutura e dinámica demográfica, en relación ás características e os recursos propios da Estrada (EMR). A partir desta información o plan estipula unha programación e ordenación que permita fomentar un equilibrio demográfico entre o medio rural e o urbano e dentro dos distintos sectores do núcleo urbano. Nesta liña, nos núcleos rurais se propón unha zona de expansión apropiada para un desenvolvemento demográfico que teña garantida unha boas condicións de calidade de vida. Do mesmo xeito na memoria se fai unha programación de escenarios de cada un dos solos de uso residencial a



desenvolver, así como medidas para favorecer a habitabilidade do medio, tanto no referente na creación de zonas verdes como na humanización e na complexidade da malla urbana.

VIVENDA

Esta variable está moi relacionada cas variables de cohesión social, poboación, medio rural e medio urbano. O parque potencial de vivendas ven establecido tendo en conta o desenvolvemento demográfico, analizado no ESE. O Plan establece unha programación de escenarios, darán lugar ó desenvolvemento dos urbanizables e futuros centros de vida do concello, a través das estimacións da evolución da poboación dentro deste ámbito territorial.

MOBILIDADE

Na memoria informativa do plan e máis concretamente no punto, *Estrutura funcional do Territorio* se fai unha diagnose da sistema viario do concello, así como a funcionalidade e situación da Estrada. Neste apartado se mostran os sistemas xerais de comunicacións ligados as vías de alta capacidade como é a autoestrada AP-53 (Santiago – Ourense) ou as estradas N - 640 e PO – 841. Así como o resto de estrada locais que artellan o núcleo de Estrada. Ademais do entramado viario tamén se tivo en conta a gran dispersión xeográfica dos núcleos así como dos seus equipamentos. Estes condicionantes favorecen un alto fluxo de movementos pendulares, xeralmente en transporte privado.

Con estes antecedentes o plan estableceu un malla urbana compacta que permitirá unha gran complexidade de usos ca fin de fomentar os desprazamentos a pé e en bicicleta. Nesta liña tamén se contemplou a creación dunha nova rede, adscrita ós Sistemas Xerais de comunicación, que será de titularidade municipal e que conta cunha Ronda Verde na zona sur da vila e que pretende fomentar o emprego de sistema de mobilidade alternativos ó vehículo privado, a través da artellación dun carril – bici, da construción dunha ampla banda de beirarrúas que favoreza o tránsito a pé e unha urbanización da mesma harmónica co medio, de maneira que queden unidas os dous extremos da vila a través dun sistema verde de comunicacións. Conta tamén, a proposta, cunha circunvalación pola súa banda nordeste e un breve tramo próximo á Academia Galega de Seguridade.



PLAN DE SEGUIMIENTO

O plan de Seguimento Ambiental (PSA) é o de velar de que o concello presente un desenvolvemento ordenado e sostible, verificar a corrección da AAE realizada e determinar a eficiencia das medidas de protección contidas no ISA. O PSA que se propón no presente ISA contén dous tipos de medidas, en función do cumprimento dos obxectivos marcados:

a) **Seguimento das medidas preventivas e correctoras propostas**, para comprobar que estas foron levadas a cabo e, ademais, na meirande parte dos casos, permitirá identificar impactos non previstos neste informe.

b) **Seguimento da evolución das variables de sostibilidade tras o Plan Xeral de Ordenación Municipal da Estrada**. Este seguimento comprobará se o desenvolvemento da ordenación municipal se realizou conforme ás determinacións previstas e en caso de que fora así, validará a súa contribución real ós criterios de sostibilidade establecidos no documento de referencia. No apartado 7.2.1 do ISA recolle unha fichas de seguimento do Programa de Vixilancia Ambiental do PXOM da Estrada na súa fase de planificación e establece unha proposta de medidas para a prevención e control dos valores naturais de Lagartóns.

Ademais, hai que realizar o seguimento da evolución das variables de sostibilidade, unha vez aprobado o PXOM, para o que se propón, a aplicación dun sistema de indicadores que deberá realizarse durante os quince anos seguintes tras poñer en marcha as medidas establecidas pola planificación e ordenación municipal da Estrada. Este sistema está, en parte definido no apartado de comparación de alternativas do ISA, pero a consecución dunha mellora global, unha vez en marcha o Plan, debe vir da man da evolución positiva dos indicadores, que se consideraron máis relevantes para a consecución dos obxectivos do plan, en función das variables de sostibilidade e dos impactos atopados.

Como co seguimento das medidas preventivas e correctoras recolle os aspectos non contemplados na elaboración do Plan que serán incluídas no Programa de Vixilancia Ambiental (PVA) na planificación da Urbanización. Este PVA presentará as mesmas características dos PVA contemplados na Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, aínda que o seu alcance reducirase a vixilancia e control dunhas medidas propostas no ISA, sen prexuízo de que a identificación de impactos non previstos suxira a implantación doutras medidas.

En segundo lugar o seguimento da evolución das variables de sostibilidade tralos plans de desenvolvemento do PXOM, propón unha serie de indicadores tanto para comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos como o seguimento de posibles efectos previstos. A aplicación do sistema de indicadores da evolución das variables de sostibilidade se realizará cunha periodicidade anual durante os 15 anos iniciais trala aprobación do PXOM.



VIABILIDADE ECONÓMICA DA ALTERNATIVA SELECCIONADA, INCLUÍDO AS MEDIDAS E O PLAN DE SEGUIMENTO

Segundo o exposto no Plan, acredítase que o Concello da Estrada poderá facer fronte as inversións futuras derivadas da execución do Plan Xeral dado que a súa capacidade de financiamento baséase en dúas fontes de ingresos que, tal e como se argumentou, veranse incrementados no futuro, os ingresos procedentes do Estado e da Comunidade Autónoma e os ingresos propios da administración municipal; impostos directos, indirectos, taxas, prezos públicos... En definitiva a capacidade de financiamento do Concello da Estrada preséntase como suficiente e sostible no tempo.

Aínda que non se inclúe a partida económica correspondente á aplicación das medidas preventivas e correctoras e o Plan de Seguimento Ambiental contemplados no ISA, o promotor os considera viables economicamente, dado que son imprescindibles para a consecución dos obxectivos plantexados.



PARTICIPACIÓN PÚBLICA

A proposta do PXOM, incluíndo o Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA) como parte integrante do mesmo, someteuse ao proceso de consulta e información pública regulado pola Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre os efectos de determinados plans e programas sobre o medio ambiente.

O plan foi exposto durante un período de 2 meses, do 21 de outubro ao 21 de decembro de 2009, a partir da publicación dos correspondentes anuncios no Diario Oficial de Galicia nº 205 do 20 de outubro do 2009 e nos xornais do Faro de Vigo e da Voz de Galicia do 20 outubro. Simultaneamente solicitouse preceptivos informes sectoriais preceptivos e deuse audiencia aos concellos limítrofes.



RESULTADOS DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA E DAS CONSULTAS E INTEGRACIÓN DOS SEUS RESULTADOS NO PLANEAMENTO

Durante o período de participación pública no que estivo exposto o documento de aprobación inicial do PXOM do concello A Estrada, presentáronse 2066 alegacións, a gran maioría formuladas por particulares, exceptuando algunhas formuladas por asociacións de veciños (Asociación en defensa do Val de Liñares), sindicatos (Unións Agrarias), etc. A maioría corresponde co solo urbano ou de núcleo rural, só 27 responden a solo rústico.

O contido da maior parte das alegacións en solo rústico ou de carácter ambiental están descritas no Anexo I.

Respecto das consultas ás administracións públicas identificadas no documento de referencia recibíuse resposta dos seguintes que teñen vinculación cos criterios ambientais:

- Dirección Xeral Conservación da Natureza

O informe desta dirección xeral non é desfavorable pero establece unhas serie de criterios que non se tiveron en conta e ten que recoller o plan xeral. Derivado do informe , se introduciron certos cambios no Plan, tal como é a mostra máis adiante no anexo I da presente memoria ambiental.



ADAPTACIÓN DO DOCUMENTO Á LEI 2/2010, DO 25 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002, DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA.

Unha vez remitido o documento, xunto coa Memoria Ambiental proposta, á Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental, esta non elabora a memoria ambiental definitiva, contestándoselle ao Concello da Estrada sobre a imposibilidade de pronunciarse ao respecto por ter que introducirse previamente modificacións no texto do documento en aplicación da Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2010, de medidas urxentes de modificación da LOUG. Interpreta a citada Secretaría que o PXOM en tramitación aínda non foi obxecto de aprobación provisional, o que determina que se atopa no suposto contemplado no apartado 2 da citada disposición transitoria primeira.

Por esta razón, a Corporación Municipal adoptou o acordo, en Pleno Municipal de data 3 de Febreiro do presente ano 2011, de toma de razón do texto resultante da introdución de todas as correccións requiridas pola Orden da Consellería de Maio de 2006, e remitir novamente o documento así aprobado á Consellería de MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, para que, por parte da Consellería, se pronunciase definitivamente acerca da legalidade do documento sometido a ese trámite de aprobación definitiva –art. 85.7 da Lei 9/2002-.

Por ACORDO DA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, en data 8 de Marzo de 2011, denegase a aprobación definitiva do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA, e se lle require ao Concello que se proceda á ADAPTACIÓN do documento en tramitación ás determinacións da Lei 2/2010, de 25 de Marzo, de Medidas Urxentes de Modificación da L.O.U.G., para a súa posterior remisión novamente á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para que esta poda emitir a memoria ambiental, e así o concello proceda a unha nova aprobación provisional do PXOM e nova remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa aprobación definitiva.

Ante a situación así xerada, unha nova Corporación Municipal, resultante do proceso de eleccións municipais celebradas o 22 de Maio de 2011, toma a decisión de someter o documento do pxom elaborado por este equipo redactor, AS DETERMINACIÓNS DA REFORMA INTRODUCIDA POLA LEI 2/2010, DE 25 DE MARZO DE 2010.

Certamente a novidade mais relevante que introduce a citada Lei, no que afecta ao contido do PXOM en tramitación, é o relativo á clasificación do solo de núcleo rural, e en menor medida, ao solo rústico, por introducirse algúns cambios nas determinacións deste tipo de solo.

No caso da Estrada este cambio, se ben non supón unha modificación de calado en canto aos criterios de clasificación do solo, si que supón unha relevante modificación nas nomenclaturas



empregadas e na delimitación e denominación dos núcleos rurais; antes núcleos rurais tradicionais e as súas áreas de expansión; agora núcleos rurais diferenciados pola súa tipoloxía, histórico tradicional, común e complexos, desaparecendo as áreas de expansión.

O presente documento corresponde pois á Memoria Ambiental do Documento Refundido do texto corrixido e adaptado á orde da COTOP do 05/05/06 e adaptado á Lei 2/2010 para Aprobación Provisional, o cal non se somete a un novo período de información pública, tendo en conta que non se realizan modificacións substanciais da ordenación proxectada, seguindo o disposto no punto 2º da Disposición transitoria primeira.-*Plans en tramitación.*

**ANEXO I. RESULTADO DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS**

O resumo dos resultados do proceso de participación e consultas derivados da información presentada polo promotor, expónse con detalle suficiente a continuación. Na seguinte táboa se detalla o resultado das alegacións recibidas no Concello da Estrada máis significativas en relación ó proceso de Avaliación ambiental:

Nº	ALEGANTE	RESUMO DO CONTIDO	VALORACIÓN DA ALEGACIÓN FEITA POLO PROMOTOR	DECISIÓN ADOPTADA
21	Varios veciños	Ampliación de solo rústico de protección agropecuaria.	Que en conformidade coa lei 9/2002 e o uso agropecuario nas fincas existentes se acepte.	Estimadas
3	Varios veciños	Ampliación de solo rústico de protección agropecuaria.	Que en conformidade coa lei 9/2002 non é posible aceptalas porque están en distintos tipos de solo que deben ser de especial protección de augas, espazos naturais.	Desestimadas
3	Varios veciños	Ampliación de solo rústico de protección forestal	Que en conformidade coa lei 9/2002 e o uso forestal produtivo nas fincas existentes se acepte.	Estimadas
2	Varios veciños	Ampliación de solo rústico de protección forestal	Que en conformidade coa lei 9/2002 non é posible aceptalas porque están en distintos tipos de solo que debe ser de especial protección de espazos naturais e agropecuaria.	Desestimadas
1	Unións Agrarias	Modificación do solo rústico de protección paisaxística	Que en conformidade coa lei 9/2002 corríxese a clasificación de SRPP onde procede.	Estimada
1	Unións Agrarias	Modificación da normativa urbanística referente ás edificacións en solo rústico de protección agropecuaria	Modifícase a normativa urbanística no que se refire as distancias mínimas en metros das explotacións gandeiras con base e sen base territorial e reconsiderando a clasificación de parte dos solos rústicos de protección de espazos naturais que pasan a ser solo rústico de protección agropecuaria e procédese a desestimar o resto de peticións por estar estes xa contemplados na LOUGA.	Estimada parcial
2	Varios veciños	Clasificación de solo rústico de protección ordinaria	Que en conformidade coa lei 9/2002 non ten valores que precisen dunha especial protección	Estimadas
1	Varios veciños	Clasificación de solo rústico de protección ordinaria	Que en conformidade coa lei 9/2002 non é posible aceptalas porque están en solo que debe ser de especial protección agropecuaria.	Desestimada



5	Veciños e asociación pola defensa do Val de Liñares	Preservar o espazo de Lagartóns como solo rústico non desenvolvéndose ningún solo industrial	Establécense unha serie de propostas no ISA para garantir salvagardar os valores ambientais e as condicións fisicoquímicas das brañas e canles fluviais pero non procede retirar o proxecto sectorial Cidade do Moble por ser un proxecto de consideración supramunicipal que o planeamento recolle e sobre o que o PXOM non ten competencia para modificar a súa clasificación	Desestimada
2	Veciños	Nova demarcación do cemiterio SX-C P1, para previr problemas para a captación de auga	Establécense medidas preventivas no ISA para evitar calquera tipo de contaminación	Aceptada parcialmente
2	Comunidade de propietarios de Robleda	Conservar e preservar unha carballeira lindante encravada no casco urbano	Inclúese a masa forestal no Catálogo de Patrimonio	Estimada parcial

Na seguinte táboa se detalla o resultado dos informes sectoriais no Concello da Estrada:

ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Demarcación de Carreteras del estado en Galicia	04/05/2009	O informe é desfavorable establecendo as seguintes modificacións: - Incorporar ao planeamento o Proxecto do Trazado da Variante da Estrada, aprobado definitivamente en data 2 de xullo de 2009 (B.O.E. 03.08.09), así como o estudio Informativo da Variante de Portela (Planos de Clasificación do Solo S1-23, S1-24, S1-25 e S1-30). - Grafar correctamente a liña límite de edificación nas estradas N-525, N-640, a autopista AP-53 e as citadas variantes, Variante da Estrada e Variante de Portela. - Eliminar os accesos dos novos solos programados (urbanos non consolidados e urbanizables) as redes de Estradas do Estado (Planos de Clasificación do Solo S1-24, S1-25, S1-31 e S1-32). - Corrixir a situación das conducións subterráneas nos planos III-01 e III-02 tal e como se recolle no indicado no artigo 133, punto 6 do Tomo V. Normativa Urbanística (Planos de Infraestruturas Programadas III-01 e III-02). - Recoller nos planos de Ordenación os proxectos redactados nos últimos anos que afectan ao trazado das estradas N-525 e N-640 ao seu paso polo termo municipal, 33-PO-2730, 33-PO-3910 e 33-PO-3550 (Planos de Clasificación do Solo S1-01, S1-05, S1-06, S1-07, S1-19, S1-20, S1-25, S1-26 e S1-27). - Incorporar na Normativa Urbanística a obrigatoriedade de realizar un estudio de niveis sonoros para novas construcións, para garantir que os niveis acústicos sexan os adecuados á zonificación acústica que esixe a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído e o Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro (BOE de 23 de outubro de 2007).	Se recolleron todas as modificacións no plan



ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección General de Aviación Civil	2/02/2010	Informe favorablemente coa condición de incorporar as seguintes modificacións. - Corrixir o nº do B.O.E. e a data de publicación da Orde do Ministerio de Presidencia do 5 de setembro de 2001 pola que é aprobado o Plan Director do Aeroporto de Santiago e se encontra no B.O.E. nº 220, de 13 de setembro. - Introducir nos planos de Clasificación do Solo os planos de Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto de Santiago indicando no art. 176 Servidumes aeronáuticas, das Normas de protección de infraestruturas, que o concello da Estrada se encontra incluído nas Zonas de Servidumes Aeronáuticas Legais do Aeroporto de Santiago, representadas polas superficies limitadoras das Servidumes Aeronáuticas. - Incluír na Normativa do Solo Rústico a necesidade de que no Rexistro da Propiedade conste mediante anotación que a finca se encontra afectada por servidumes aeronáuticas nos termos establecidos no propio informe. - Indicar na Normativa do Solo Rústico que as instalacións previstas no planeamento non deben emitir fume, po, néboa ou calquera outro fenómeno en niveis que constitúan un resgo para as aeronaves que operan no Aeroporto de Santiago, incluídas as instalacións que podan supor un refuxio para as aves en réxime de liberdade. Tamén, que se deben ter en contas as posibles reflexións da luz solar nos tellados e cubertas, así como as fontes de luz artificial que puideran molestar ás tripulacións das aeronaves e por en perigo a seguridade das operacións aeronáuticas. Igualmente, que as infraestruturas viarias deberán ter en conta as servidumes aeronáuticas evitando que a sinalización, postes, carteis, o gálibo dos vehículos, etc. invadan ditas superficies limitadoras das Servidumes Aeronáuticas, que poderían provocar perturbacións nos sinais radioeléctricos para a navegación aérea. Por último, que a instalación de aeroxeradores, as infraestruturas de telecomunicacións tais como as antenas de telefonía, enlaces de microondas e demais estruturas que polo seu funcionamento precisen ser situados en plataformas elevadas. - Sinalar para os solos rústicos dos lugares de Lóbrigo e San Sebastián na Normativa do Solo Rústico que as construcións, instalacións ou plantacións que se pretendan instalar non poderán ser autorizadas se previamente non se dispón de resolución favorable do estudio aeronáutico que acredite que non se compromete a seguridade nin queda afectada de modo significativo a regularidade das operacións de aeronaves ou que quedan apantallados. - Recoller tamén na Normativa do Solo Rústico a necesidade de resolución favorable da Dirección General de Aviación Civil para a execución de calquera construción ou estrutura e a instalación dos medios necesarios para a súa construción.	Revisouse o documento e realizase todas as corrección ao mesmo.



ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección General de infraestructuras Ferroviarias	23/11/2009	Informe favorable co condición de clasificar como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas os terreos destinados á Zona de Dominio Público ferroviario que estaban clasificados como Solo de núcleo rural correspondentes co núcleo rural 01.04 Castro da parroquia de San Miguel de Castro	Revisouse o documento e realizase todas as corrección ao mesmo.
Jefatura de Patrimonio y Urbanismo de Galicia	26/10/209	Informe favorable só fai referencia á necesidade de ter en conta unha serie de limitacións establecidas pola lexislación vixente.	Se comprobaron tódalas limitacións en tódolos documentos.
Dirección General del instituto Geográfico Nacional	15/10/2009	Informe favorable tendo en conta que existe un procedemento administrativo para a resolución de discrepancias entre os concellos de Cuntis e A Estrada e que por iso é necesario o Informe do Instituto Xeográfico Nacional que está pendente de evacuación en data 15 de outubro	
Subdirección General de infraestructuras y Normativa Técnica	12/11/2009	Informe favorable co imposición de facer unha serie de modificacións.	Estas modificación se integraron do seguinte modo: Engádese ó artigo 189.1.b da Normativa Urbanística para as redes telefónicas se realizarán segundo as recomendacións do art. 26 da Lei Xeral de Telecomunicacións e non segundo os criterios da compañía subministradora. -No mesmo artigo, modifícase. -Elimínase no art. 189.1.c a alusión ó Solo rústico de protección de costas, as restricións ás instalacións de telefonía móbil para que se podan permitir en ámbitos de espazos naturais delimitados ou declarados e a distancia mínima de 600 m de situación de ditas instalacións, pasando a regularse polo Real Decreto 1066/2001 de 28 de setembro polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte ás emisións radioeléctricas e a Orde CTE/23/2002 de 11 de xaneiro. - Elimínase no art. 189.1.c a distancia mínima ás instalacións de telefonía móbil respecto de industrias, tendidos eléctricos e liñas ferroviarias pasando a ser regulada polo a regularse pola Lei 32/2003 de 3 de Novembro, Xeral de Telecomunicacións.
Ministerio de Economía y Hacienda. Delegación provincial	3/02/2010	Informe favorable	
Dirección Xeral de Administración Local	26/11/2009	Informe favorable	



ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección xeral do Patrimonio cultural	8/02/2010	Informe favorable, impondo unha serie de modificacións.	Se incorporaron o plan estas modificacións do seguinte xeito: - Estudouse a singularidade do núcleo de Fontenlo, petición realizada a maiores do contido do informe na reunión coa Consellería, catalogando a área que engloba as edificacións tradicionais de maior calidade como un Conxunto de interese arquitectónico e etnográfico con protección integral. - Tras a reunión coa Consellería, decidiuse que non era preciso facer fichas de tódolos hórreos de carácter tradicional, por ser suficiente os 83 hórreos catalogados e a referencia a que tódolos hórreos de máis de cen anos estean incluídos no Catálogo. - Corríronse os erros de falta de tramas nos elementos AC-7 e AC-27 do Catálogo e dos elementos AR-67 e AC-100 dos planos de Clasificación do solo. - Corríxense nos planos de Clasificación do solo os grafados das tramas de elementos catalogados e arqueolóxicos mellorando a súa lectura. - Introdúcense as fichas AC-73 e AC-97, no índice do Catálogo e nas fichas. Corríxese a situación do AC-97 nos planos de Clasificación do solo a 1/5000 e Cualificación do solo urbano a 1/2000. - Documentouse graficamente e describiuse a peza de pedra existente na fachada do elemento catalogado AC-10. - Aumentouse o grado de protección da Casa de Monteagudo de non integral a integral. - Sinálanse nas fichas do Catálogo de patrimonio arquitectónico, os elementos de singular valor a protexer das fachadas dos elementos catalogados AC-76, AC-77, AC-78, AC-79, AC-80, AC-88, AC-96 e a nova configuración da planta baixa do AC-79 tras a restauración dos elementos alterados. - Corríxense na Normativa as referencias no artigo 57 Conservación específica do patrimonio cultural; aclárase que nas áreas de protección requirírase autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo e non da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico; especificase que a inclusión de novos elementos regularase segundo Decreto 232/2008 do 2 de outubro sobre o Inventario xeral do patrimonio de Galicia. - Incorpórase no art. 23 da Normativa urbanística que as plantacións de arborado no ámbito dos xacementos arqueolóxicos será un acto suxeito a licenza municipal. - No art. 179 da Normativa urbanística, indícase que as áreas de protección dos bens culturais serán as indicadas nos planos de ordenación, no seu defecto, serán de aplicación as distancias establecidas no presente apartado. En caso de contradición na grafía das áreas de protección entre distintos planos, primará sempre a de maior extensión e grado de protección. - No art. 179 da Normativa urbanística corríxese o órgano que autoriza as intervencións nos elementos catalogados e as súas áreas de protección que é a Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo segundo o establecido na Lei 8/1995 do 30 de outubro do



ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
			patrimonio cultural de Galicia. - Tras diversas reunións e comunicacións coa Consellería, incorporáronse ó Catálogo arqueolóxico 28 novos xacementos descubertos recentemente e que forman parte do inventario da Dirección Xeral - Axústanse as delimitacións do xacemento arqueolóxico GA36017023 e do núcleo rural Rial. - Modifícase a trama dos xacementos arqueolóxicos GA3601703 e GA36017136 para que pasen a ser Solo rústico de especial protección do patrimonio nos planos de Clasificación do solo a escala 1/5000. - Sitúase nunha mellor localización o nome do xacemento GA36017026 para que se visualice mellor.
Augas de Galicia	6/04/2010	Informe favorable, cunha serie de imposicións.	Estas imposición se recolleron no plan da seguinte forma: - Indícase no punto 11.2.2 da Memoria Xustificativa que os solos industriais deberán garantir o tratamento das augas residuais polos seus propios medios e a conveniencia de establecer a posible conexión posterior á rede municipal con elementos físicos (arquetas) onde se poidan comprobar os parámetros do efluente. - Incorpórase no Anexo V de Infraestruturas da Memoria Xustificativa a conveniencia de estudar a reutilización das augas pluviais e que se establezan corredores ou beirarrúas de drenaxe que faciliten a filtración e reduzan a escurrenta directa. - Refléctense na Memoria Xustificativa e represéntanse nos Planos de Clasificación do solo as zonas de protección de tódolos canles naturais en concordancia coa clasificación segundo a súa entidade (extensión da conca, sección hidráulica, etc.) resultando a clasificación da rede fluvial en tres categorías: ▪ Principais, cunha protección de 100 m. ▪ Secundarios, cunha protección de 50 m. ▪ Afluentes destes últimos, cunha protección de 25 m, considerando tamén que polo xeral encóntranse rodeados de solo rústico forestal ou agropecuario. Defínense ademais as zonas de policía e as súas limitacións en tódolos leitos e para calquera tipo de solo que serán de 100 m. Sinálase que todas estas concrecións estarán reflectidas nos instrumentos de desenvolvemento do PXOM. - Acláranse no artigo 177.2 da Normativa Urbanística as diferenzas entre zona de protección e liña de edificación e que os usos nas zonas de servidume xa sexan con licenza municipal ou con autorización autonómica son regulados no artigo 7.3 de Regulamento do dominio público hidráulico. Ademais, xustifícanse as distancias mínimas das edificacións, establecendo as seguintes limitacións: - A prohibición de realizar calquera obra (incluídos os peches de parcela) en todo tipo de solo na zona de servidume a que se refiren os artigos 6 da Lei de augas e do RDPH, que é de 5 m dende o límite ó que cheguen as



ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
			augas nas máximas enchentes ordinarias. - A prohibición de realizar calquera tipo de construción en solo non urbano ou de núcleo rural nunha banda de 20 m de anchura en cada marxe dos ríos. - A necesidade dunha autorización previa da administración hidráulica para aquelas construcións que pola súa singularidade teñan que emprazarse nas zonas de protección. - Recóllese na Normativa Urbanística a redacción do artigo 9 do Regulamento do dominio público hidráulico.
Dirección Xeral de infraestruturas	24/02/2010	Informe desfavorable ata que subsanen as deficiencias indicadas no informe.	Revisouse o documento e fanse as correspondentes correccións. Documentación e normativa Recóllese na cartografía base o novo enlace executado na PO-841 para acceso ó parque empresarial de Toedo así como a rotonda de Figueroa de Arriba, na mesma estrada. (Planos de Clasificación do Solo S1-17 e S1-24). - Representase na cartografía base a estrada PO-505 executada, así como o enlace coa N-640. (Planos de Clasificación do Solo S1-14, S1-20 e S1-21 e Planos de Estrutura do Territorio S0-05 e S0-09). - Recóllese a estrada PO-505, pertencente á rede primaria básica autonómica no apartado 4.2 Estrutura viaria do Tomo I. Memoria Informativa. - Recóllese correctamente no apartado 11.1 do Tomo II. Memoria xustificativa a totalidade das estradas autonómicas, a súa categoría e titularidade acorde con expresado no encabezado do informe obxecto de subsanación. - Inclúense as referencias as diferentes distancias xenéricas definidas pola lexislación autonómica vixente en materia de estradas no artigo 100 do Tomo V. Normativa Urbanística. - Indícase na ordenanza de núcleo rural, artigo 150. Condicións da edificación, que a aliñación quedará fixada polo concello nunha Acta de Aliñacións e Rasantes no momento da solicitude de licenza. Estrutura xeral e orgánica do territorio Considérase como sistema xeral viario de categoría 1 a estrada PO-505 (Planos de Clasificación do Solo S1-14, S1-20 e S1-21 e Planos de Estrutura do Territorio S0-05 e S0-09). Solo Rústico - Modifícase o tramo de solo rústico de protección de infraestruturas vinculado a estrada PO-213, máis próximo ao solo urbano, entre o solo rústico de protección ordinaria e solo rústico de protección agropecuaria, para adecualo a correspondencia da liña límite de edificación definido na lexislación vixente (Plano de Clasificación do Solo S1-24). - Clasifícase como solo rústico de protección de infraestruturas a totalidade do tramo da PO-182 non clasificados como núcleo rural tradicional e identifícanse ditos tramos como sistema viario de categoría 1



ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
			ao non terse producido a transferencia de titularidade de ditos tramos de estrada ao concello. - Non se clasifica como solo rústico de protección de infraestruturas o tramo da PO-181, conforme o expediente nº 20692 da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, con data de saída de 29 de maio de 2009, polo cal se achega ó Concello da Estrada a Acta de entrega para o cambio de titularidade da estrada autonómica PO-181 (PO-841- Souto de Veá- PO-841) PKs 0+000 ó 0+930 Travesía de Souto de Veá, na cal se transfire a favor do Concello da Estrada, a titularidade da estrada mencionada en data 19 de maio de 2009. Solo de núcleo rural Indícase nas fichas de cada un dos núcleos rurais 05.03 Barco, 05.06 Fontenlo, 22.03 Soutiño e 29.93 Figueira de Arriba, a prohibición de acceder a través da estrada PO-841 e a necesidade de facelo a través doutros viarios xa existentes. - Elimínanse nas áreas de expansión os ámbitos con único acceso a través da estrada PO-841. - Especificase que as aliñacións consolidadas son en realidade aliñacións tradicionais consolidadas e fíxanse o resto das aliñacións, nos planos dos núcleos rurais de 05.06 Fontenlo, 09.04 Riba de Veá, 09.06 A Panadería, 21.01 Cruces, 22.03 Soutiño e 29.03 Figueroa de Arriba, a distancias non inferiores a 20 m. - Indícase nas fichas de cada un dos núcleos rurais 29.04 Vilar, 11.03 A Igrexa e 12.02 A Ribeira, a prohibición de acceder a través da estrada PO-213 e a necesidade de facelo a través doutros viarios xa existentes. - Elimínanse nas áreas de expansión os ámbitos con único acceso a través da estrada PO-213. - Especificase que as aliñacións consolidadas son en realidade aliñacións tradicionais consolidadas e fíxanse o resto das aliñacións, nos planos dos núcleos rurais de 29.04 Vilar, 30.06 Campenlos, 30.05 Raxeira, 23.02 Trasmonte, 11.03 A Igrexa, 11.02 As Covas, 12.02 Ribeira, 02.08 San Xiao e 02.04 Os Vieites, a distancias non inferiores a 16 m. - Especificase que as aliñacións consolidadas son en realidade aliñacións tradicionais consolidadas e fíxanse o resto das aliñacións, nos planos dos núcleos rurais de 08.09 Piñeiro e 08.10 O Vuelo, a distancias non inferiores a 16 m. - Especificase que as aliñacións consolidadas son en realidade aliñacións tradicionais consolidadas e fíxanse o resto das aliñacións, nos planos dos núcleos rurais de 08.02 Souto de Veá e 21.01 Cruces, a distancias non inferiores a 12 m. - Representase en tódalas áreas de expansión a liña límite de edificación conforme a lexislación vixente. Solo Urbanizable - Indícanse nas condicións de desenvolvementos do SUD-I21 que os accesos a este ámbito realízanse a través do polígono industrial existente non permitíndose novos accesos á estrada autonómica (Ficha



ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
			de solo urbanizable SUD-I21). -Indícanse nas condicións de desenvolvementos do SUD-I22 que non se permitirán máis accesos indiscriminados á estrada debéndose acceder ao interior do ámbito a través do xa executado (Ficha de solo urbanizable SUD-I22). - Indícanse nas condicións de desenvolvementos do SUD-R02 que non se permitirán aliñacións cun ancho total inferior a 18m na estrada autonómica PO-841 (Ficha de solo urbanizable SUD-R02). Solo Urbano Modifícase a aliñación cun ancho total de 14m na rúa Nº 20 do solo urbano da Estrada (Plano de Cualificación do solo S2-06).
Secretaría Xeral De Calidade e Avaliación Ambiental	12/11/2009	Informe favorable	
Instituto Galego da Vivenda e Solo	17/11/2009	Informe favorable coa condición de facer as modificacións impostas.	Os contidos do informe foron incorporados ó planeamento da seguinte forma: Xustifícase o cumprimento das condicións de habitabilidade nos ámbitos remitidos a documentos urbanísticos posteriores pois corresponde, segundo o artigo 4.2 do Decreto 29/2010, a definición das condicións de habitabilidade de cada ámbito ó planeamento que determine a nova ordenación detallada. - Xúntase á Normativa urbanística un anexo cunha memoria xustificativa conforme o artigo 4 do Decreto 29/2010 verificando o cumprimento das características dun espazo exterior de calidade público ou privado, aplicable tamén a espazos libres e zonas verdes, en solo urbano, urbanizable e de núcleo rural. - Regúlase o cumprimento do establecido para os garaxes colectivos no artigo 112 Regulación do uso vivenda, punto 4, Dotación de aparcamento, da Normativa urbanística do PXOM, conforme o apartado IB5 do Anexo I do Decreto 29/2010. - Defínense as condicións dimensionais e de calidade dos patios de mazá e de parcela no Capítulo 1º Normas xerais de edificación da Normativa urbanística, conforme os apartados IAII e IB2 do Anexo I do Decreto 29/2010. - Defínirase vivenda exterior acorde ós apartados IAII e IB2 do Anexo I do Decreto 29/2010. - Engádese nos artigos 169, Condicións adicionais que deben cumprir as edificacións destinadas a usos residenciais e 171, Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico, da Normativa urbanística que as vivendas en solo rústico deberán cumprir o establecido no Decreto 29/2010. - Corríxense as referencias ó derogado Decreto 311/1992 da Memoria da ordenación detallada do SUD-R09.



VISIER ARQUITECTOS, S.L.P.

ORGANISMO	RESPOSTA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas	11/02/2010	Informe favorable, remitando unha copia da relación dos dereitos mineiros que poden verse afectados polo PXOM:	Se incluíron estes dereitos mediante a actualización do punto 5 Diagnóstico da situación actual, usos extractivos, da Memoria Informativa, os permisos e concesións mineiras e o estado de tramitación no que se encontran neste momento, engadindo dúas novas concesións e suprimindo os caducados.
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	11/02/2010	Deben integrarse no PXOM as seguintes cuestión: - O ámbito do (LIC) Sistema Fluvial Ulla – Deza debería aparecer grafiado en planos e consignado en normas como Solo Rústico de Protección de Espazos . - Respecto aos humidais reflectir como SRPA os humidais /Encoro de Cabalgada, A Braña, Marco Afrende, Carpaceiras e Lagartóns). - Comprobar que os hábitats de carácter prioritario fóra da rede natura 2000. A documentación incorporará cartografía coa totalidade dos hábitats existentes e os seus códigos correspondentes a escala, como mínimo 1:25.000. - Comprobar as 18 AIA's como solo rústico de Espazos naturais e se subsanearan as posibles deficiencias resultantes da comprobación a realizar - Incorporar, como ben nas AIA's ou no catálogo de bens a protexer os seguintes exemplares : Sobreira de Balboa, Camelia reticulada do Pazo de Oca, Sobreira de Valiñas, e Buxal do Pazo de Oca.	Revisouse o documento e fanse as correspondentes correccións.
Secretaría Xeral de Patrimonio	3/12/2009	Informe favorable	
Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (Dep. A Coruña)	10/12/2009	Informe favorable	

A Estrada, Xullo 2013

Fdº Juan Angel Visier Gil
Arquitecto redactor